



## ANUNCIO

Por non se presentar reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno na sesión de data 9 de xullo de 2021, aprobatorio de modificación das seguintes Ordenanzas fiscais reguladoras de:

- Taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga.
- Taxa por tendidos, tubaxes e galerías para a condución de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído, incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, etc. sobre a vía pública.
- Taxa por prestación dos servizos de rede de sumidoiros.
- Taxa por outorgamento de licenzas e autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer.
- Taxa pola prestación do servizo de tanatorio municipal.
- Taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo domiciliario.
- Taxa por expedición de documentos administrativos e dereitos de exame.
- Taxa por licenzas de apertura de establecementos.
- Taxa do Punto de Atención á Infancia.
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica,

cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.**

#### **Artigo 1.- Fundamento e natureza**

*En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 57 en relación co 20.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo este concello establece a “Taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga”, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.*

#### **Artigo 2.- Feito imponible**

*Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación do servizo de abastecemento de auga potable, que inclúe a captación de auga bruta e a súa potabilización, almacenamento e distribución no municipio de Pol. Tamén constitúe o feito imponible desta taxa o establecemento dos puntos de acometida ou enganche, que inclúe o estudio, tramitación e inspección das acometidas ás redes públicas de abastecemento de auga.*

#### **Artigo 3.- Suxeitos pasivos**

*Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiada polo servizo regulado nesta taxa.*

*Terán a consideración de substitutos do contribuínte o propietario das vivendas ou locais onde se preste o servizo de abastecemento de auga, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas aos beneficiarios do servizo.*

#### **Artigo 4.- Responsables**

*Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.*





*Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.*

## **Artigo 5.- Base imponible. Tarifas e Cota tributaria.**

*A base imponible está constituída polos metros cúbicos de auga consumidos no mes.*

*A cota tributaria será a resultante da aplicación das seguintes tarifas sobre as que se aplicarán o importe do Imposto sobre o Valor Engadido no seu caso:*

### **1. USOS COMÚNS:**

- *Na subministración da auga:*
  - *Tarifa fixa: 3 euros/mes.*
  - *Primeiro bloque: Ata 10 m<sup>3</sup> (incluído): 0,20 euros/ m<sup>3</sup>/mes*
  - *Segundo bloque: De 11 m<sup>3</sup> ata 20 m<sup>3</sup> (incluído): 0,30 euros/ m<sup>3</sup>/mes*
  - *Terceiro bloque: De 21 m<sup>3</sup> ata 30 m<sup>3</sup> (incluído): 0,40 euros/ m<sup>3</sup>/mes*
  - *Cuarto bloque: De 31 m<sup>3</sup> en diante: 0,60 euros/ m<sup>3</sup>/mes*
- *Nos dereitos de acometida a satisfacer por unha soa vez:*
  - *Tarifa xeral: 150 euros*
  - *Tarifa reducida: 30 euros*

*A tarifa reducida será aplicable á solicitude do suxeito pasivo, cando acredite que cumpre as condicións para ser beneficiario das axudas do RISGA, ou situacións asimiladas a esta, despois de valoración e informe favorable por parte dos servizos sociais do concello.*

### **2. USOS GANDEIROS:**

- *Tarifa fixa: 5 €/mes*
- *Na subministración da auga: 0,32 euros/m<sup>3</sup>/mes*
- *Nos dereitos de acometida a satisfacer por unha soa vez: 300 euros*

## **Artigo 6.- Devindicación**

*Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal obxecto desta ordenanza.*

## **Artigo 7.- Declaración, liquidación e ingreso**

1. *Esta taxa se liquidará e recadará de forma trimestral e conxuntamente coa taxa por recollida de lixo e a taxa polo servizo de sumidoiro se é o caso.*
2. *Dado o carácter de “tributo de cobro periódico por recibo”, unha vez solicitada a alta na prestación do servizo as seguintes liquidacións da taxa notificaranse colectivamente mediante edictos que así o advirtan.*
3. *Novas altas no servizo.*

*Os suxeitos pasivos solicitarán ao concello a prestación do servizo de abastecemento de auga.*

*Establécense dúas formas de liquidación e ingreso da tarifa de acometida:*

  - a. *Pago total da tarifa de acometida no momento da solicitude. Polo tanto a solicitude irá acompañada do xustificante de ingreso da autoliquidación.*
  - b. *Pago en tres prazos da tarifa de acometida. Neste caso a solicitude irá acompañada do xustificante de ingreso do primeiro prazo, sendo este un terzo do total da tarifa de enganche a satisfacer segundo o uso do servizo (común ou gandeiro). E tamén acompañada do número de conta onde se realizarán os dous cargos restantes que se efectuarán nos dous meses seguintes á solicitude de alta.*





# CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

*No caso de ser beneficiario da tarifa reducida para o enganche nos usos comúns será necesario o informe favorable dos Servizos Sociais do Concello.*

## **Artigo 9.- Infraccións e sancións**

*En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título V da Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.*

## **DISPOSICIÓN FINAL.**

*Esta Ordenanza fiscal derroga a anterior e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

*En Pol, a 6 de xullo de 2021.*

*O Alcalde*

*Lino Rodríguez Ónega”*

## **“TAXA POR TENDIDOS, TUBAXES E GALERÍAS PARA A CONDUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUÍDO, INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CABLES, PALOMILLAS, ETC. SOBRE A VÍA PÚBLICA.**

### FUNDAMENTO E RÉXIMEN

#### Artigo 1

*Este Concello conforme ao autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de acordo co previsto no art.20.3 K) do Texto Refundido 2/2004, establece a Taxa por tendidos, tubaxes e galerías para a condución de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, etc. sobre a vía pública, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ao disposto no art. 20 e s.s.do Texto Refundido citado.*

### FEITO IMPOÑIBLE

#### Artigo 2

*Constitúe o feito imponible deste tributo o aproveitamento do chan ou voo da vía pública e bens de uso público municipal con tendidos, tubaxes e galerías para as conducións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, rieles, básculas, aparellos para venda automática e outros análogos.*

### DEVINDICACIÓN

#### Artigo 3

*A obrigaón de contribuír nace coa ocupación do chan ou voos da vía pública ou bens de uso público cos elementos indicados no artigo anterior.*

*Para os sucesivos exercicios á alta inicial, a devindicación terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento no aproveitamento, nese caso, a cota se prorrateará por meses naturais.*

### SUXEITOS PASIVOS

#### Artigo 4

*Serán suxeitos pasivos da Taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que aproveiten especialmente en beneficio particular o domini público local.*

### BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE





# CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

## Artigo 5.

1. Tomarase como base do presente tributo:

a) Por ocupación directa do chan: o valor da superficie do terreo ocupado polo aproveitamento e as súas instalacións accesorias.

b) Por ocupación do voo: Os metros de cable ou elementos análogos.

2. Cando o aproveitamento do chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais realícese por empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a base imponible consistirá nos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente ditas empresas no termo municipal.

## COTA TRIBUTARIA

### Artigo 6.

EUROS

1. As tarifas anuais a aplicar serán as seguintes:

Epígrafe 1. Transformadores m <sup>2</sup> ou fracción ao ano .....	2,33
Epígrafe 2. Postes de ferro, ao ano, por cada un .....	1,40
Epígrafe 3. Postes de madeira ou cemento armado, ao ano, por cada un .....	1,40
Epígrafe 4. Cables aéreos ou subterráneos, un metro ou fracción ao ano .....	0,02
Epígrafe 5. Palomillas, soportes, un ano .....	0,23
Epígrafe 6. Caixas de amarre, distribución, etc., ano .....	1,40
Epígrafe 7. Básculas, m <sup>2</sup> ou fracción, ao ano.....	1,40
Epígrafe 8. Aparellos automáticos, ao ano .....	0,93
Epígrafe 9. Surtidores, ao ano .....	5,61
Epígrafe 10. Subministradores lubricantes, ao ano .....	2,80
Epígrafe 11. Tanque subsolo, metro cadrado ou fracción, ao ano .....	4,66

2. O importe da Taxa cando o aproveitamento realícese por empresas explotadoras de servizos de subministracións que afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza, consistirá no 1,5 por 100 dos ingresos brutos a que se fixo referencia no artigo 5,2 anterior. Esta taxa é compatible con outras que poida establecer este Concello pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos conforme ao establecido no art. 23 do Texto Refundido 2/2004.

3. A contía da taxa que puidese corresponder a Telefónica España, S.A., está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do art. 4º da Lei 15/1987, de 30 de julio, redactado conforme á Disposición Adicional Oitava do Texto Refundido 2/2004.

## NORMAS DE XESTIÓN

### Artigo 7.

1. As persoas naturais ou xurídicas interesadas na obtención dos aproveitamentos regulados por esta Ordenanza, presentarán no Concello declaración detallada das instalacións a realizar, acompañando os planos correspondentes.

2. Toda alteración nos aproveitamentos deberá porse en coñecemento da Administración Municipal, mediante a oportuna declaración, até o último día do mes natural seguinte a aquel en que o feito se produza, e, en tal caso, cando estes feitos dean orixe á aplicación de cotas máis elevadas só se liquidará a diferenza entre a cota superior e a que xa fose satisfeita. Quen incumpra tal obrigaçión virán obrigados ao pago do tributo total, que corresponda pola alteración.

3. Igualmente, deberán presentar tales declaracións e planos en caso de baixa total ou parcial dos aproveitamentos xa concedidos, desde que o feito prodúzase e até o último día hábil do mes natural seguinte a aquel en que tivo lugar. Quen incumpra tal obrigaçión seguirán suxeitos ao pago do tributo.

4. Cos datos achegados nas súas declaracións polos interesados, os que existan no Concello e os que este poida obter, formarase o censo dos elementos ou instalacións de cada interesado, que ocupen o





# CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

*chan ou voo da vía pública, con especificación das bases e cotas que lles corresponda satisfacer, que será exposto ao público por prazo de trinta días a efectos de reclamacións, tendo para todos os efectos a natureza de notificación da liquidación correspondente.*

*5. O tributo recadarase anualmente nos prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación para os tributos de notificación colectiva e xornais. Por excepción a liquidación correspondente á alta inicial na matrícula ingresarase no momento da solicitude en concepto de depósito previo.*

## RESPONSABLES

### Artigo 8.

*1. Serán responsables solidariamente das obrigacións tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, todas as sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.*

*2. Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de devanditas entidades.*

*3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios do seu incumbencia, para o cumprimento das obrigacións tributarias infrinxidas, consentisen no incumprimento por quen dependan deles ou adopten acordos que fixesen posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigacións tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesen nas súas actividades.*

*4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigacións tributarias devindicadas con anterioridade a devanditas situacións e que sexan imputables aos respectivos suxeitos pasivos.*

## EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E DEMAS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

### Artigo 9

*De conformidade co art. 9 do Texto Refundido 2/2004, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.*

*O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigados ao pago das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.*

## INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

### Artigo 10

*En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ao disposto nos artigos 77 da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.*

## DISPOSICIÓN FINAL

*A ordenanza entrará en vigor cando se efectúe a publicación do texto íntegro da presente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

*En Pol, a 6 de xullo de 2021.*

*O Alcalde*

*Lino Rodríguez Ónega"*



Cod. Validación: 4SXSM5GDCXFT7E9Z6FM3H2NLEL | Corrección: <https://concellopol.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 21



## **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE REDE DE SUMIDOIROS.**

### *Artigo 1.- Fundamento e natureza.*

*En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co establecido nos art. 15 a 19 do Texto Refundido 2/2004, este Concello establece a “Taxa de rede de sumidoiros”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 20 e s.s. do citado Texto Refundido.*

### *Artigo 2.- Feito imponible.*

1. *Constitúe o feito imponible da Taxa:*
  - a) *A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si danse as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de de sumidoiros municipal.*
  - b) *A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal.*
2. *Non estarán suxeitas á Taxa as leiras derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.*

### *Artigo 3.- Suxeito pasivo.*

1. *Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:*
  - a) *Cando se trate da concesión de licenza de acometida de rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da leira.*
  - b) *No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das leiras do termo municipal beneficiarias de devanditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, mesmo en precario.*
2. *En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.*

### *Artigo 4.- Responsables.*

1. *Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.*
2. *Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades ou os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.*

### *Artigo 5.- Cota tributaria.*

1. *A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de trinta e un euros e corenta e seis céntimo (31,46 €).*
2. *A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de rede de sumidoiros determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.*

*Para ese efecto, aplicarase a seguinte tarifa:*

*Por rede de sumidoiros, cada m.<sup>3</sup> 0,04 euros.*
3. *En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturabile pola súa subministración. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima exixible.*

### *Artigo 6.- Exencións e bonificacións.*





*Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa.*

## Artigo 7.- Devindicación.

1. *Devéñase a Taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impoñible, entendéndose iniciada a mesma:*
  - a) *Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, si o suxeito pasivo formuláseo expresamente.*
  - b) *Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. A devindicación por esta modalidade da Taxa producirase con independencia de que se obtivo ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.*
2. *Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para todas as leiras do Municipio que teñan fachada ás rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a leira non exceda de cen metros, e se devindicará a Taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.*

## Artigo 8.- Declaración, liquidación e ingreso.

1. *Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da Taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da leira e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións fornecerán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación de devanditas declaracións de alta e baixa. A inclusión inicial no Censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.*
2. *As cotas exixibles por esta Taxa liquidaranse e recadarán polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministracións e consumo de auga.*
3. *No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para ingreso directo na forma e prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.*

## Disposición final

*A presente Ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.*

*En Pol, a 6 de xullo de 2021.  
O Alcalde  
Lino Rodríguez Ónega”*

## **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMIENTO DE LICENZAS E AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER.**

### Artigo 1.- Fundamento e natureza.

*En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/1983, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do Texto Refundido 2/2004, este Concello establece a “Taxa por licencias e autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 20 e s.s. do Texto Refundido 2/2004.*

### Artigo 2.- Feito impoñible.





# CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

Constitúen o feito imponible desta taxa a presentación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado por Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, sinalanse a continuación.

- a) Concesión e expedición de licencias.
- b) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licencias, ben sexa o cambio voluntario ou por imposición legal.

## Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Están obrigados ao pago da taxa, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

- a) A persoa ou entidade cuxo favor se outorgue a concesión e expedición da licenza.
- b) O titular da licenza cuxo vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria.

## Artigo 4.- Responsables.

3. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
4. Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

## Artigo 5.- Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

### a) Por concesión e expedición de licenza:

- |              |          |
|--------------|----------|
| ▪ Da clase A | 125,79 € |
| ▪ Da clase B | 125,79 € |
| ▪ Da clase C | 125,79 € |

### b) Por substitución de vehículos.

- |              |         |
|--------------|---------|
| ▪ Da clase A | 62,89 € |
| ▪ Da clase B | 62,89 € |
| ▪ Da clase C | 62,89 € |

## Artigo 6.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da Taxa.

## Artigo 7.- Devindicación.

Devindícase a Taxa e nace a obriga de contribuír, nos casos sinalados nas letras a) e b) do artigo 2º, na data que este Concello conceda e expida a correspondente licenza ou que autorice a substitución do vehículo.

## Artigo 8.- Declaración e ingreso.

4. A relación das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta Taxa levarán a cabo a instancia de parte.
5. Todas as cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licencias ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuíntes ao seu pago no prazo establecido polo Regulamento Xeral de Recadación.

## Artigo 9.- Infraccións e sancións.







# CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

*No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.*

## *Disposición final*

*A presente Ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de dous mil vinte e un, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresas.*

*En Pol, a 6 de xullo de 2021.  
O Alcalde  
Lino Rodríguez Ónega”*

## **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE TANATORIO MUNICIPAL**

### **Artigo 1.- Fundamento e natureza**

*En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 57 en relación co 20.4.p) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo este concello establece a “Taxa pola prestación do servizo de Tanatorio Municipal”, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.*

### **Artigo 2.- Feito imponible**

*Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación do servizo de Tanatorio Municipal, en canto establecemento funerario habilitado como lugar de etapa do cadáver, entre o lugar de falecemento e o de inhumación ou cremación, debidamente acondicionado e disposto para a exposición e velorio de cadáveres.*

### **Artigo 3.- Suxeitos pasivos**

*Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da presentación do servizo.*

*Terán a consideración de substitutos do contribuínte as persoas físicas ou xurídicas dedicadas á prestación dos servizos funerarios, que solicitaran a prestación do servizo gravado por esta ordenanza fiscal.*

### **Artigo 4.- Responsables**

*Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.  
Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.*

### **Artigo 5.- Exencións subxectivas**

*Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:*

*a) Os enterramentos dos asilados procedentes da beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa costeada pola familia dos falecidos.*

*b) Os enterramentos de persoas que foran beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para ter dereito á obtención deste beneficio, o solicitante da prestación do servizo*





# CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

*deberá solicitarse a exención e acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada favorablemente polos Servizos Sociais do Concello.*

*c) As inhumacións que ordene a autoridade xudicial e que se efectúen na foxa común.*

## **Artigo 6.- Cota tributaria**

*A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:  
211 euros por servizo ou realización do feito imponible. Tarifa que se verá actualizada anualmente mediante a aplicación do Índice de Prezos ao Consumo (I.P.C.)*

## **Artigo 7.- Devindicación**

*Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación do servizo, entendéndose a estes efectos que dita iniciación se produce coa solicitude da prestación.*

## **Artigo 8.- Declaración, liquidación e ingreso**

- 1. Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación do servizo.*
- 2. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma que será notificada unha vez que teña sido prestado para o seu ingreso directo nas arcas municipais na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.*

## **Artigo 9.- Infraccións e sancións**

*En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título V da Lei Xeral Tributaria.*

## **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 1 de marzo de 2013 entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e comezará a aplicarse desde esa mesma data. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

*En Pol, a 6 de xullo de 2021.*

*O Alcalde*

*Lino Rodríguez Ónega”*

## **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO DOMICILIARIO NO CONCELLO DE POL**

### **ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO.**

*En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

*Aos efectos desta ordenanza fiscal, e atendendo a canto se establece no artigo 3º da Lei 22/2011, de 28 de xullo de residuos e solos contaminados, e atendendo tamén ao nivel de desenvolvemento do servizo neste Concello e as actividades predominantes no municipio, os residuos domésticos aos que se aplica esta taxa serán os que se recolle no artigo 2º da presente ordenanza.*





## ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.-Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, ganderías, artísticas e de servizos no termo municipal de Pol.

2.-A tal efectos, considéranse residuos domésticos, os residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Se consideran tamén residuos domésticos os similares aos anteriores xerados en ganderías, servizos e industrias.

**Se exclúen** de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos e animais, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertido esixan a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

## ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e os entes sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen os inmobles situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se presta o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles, beneficiarios do servizo.

## ARTIGO 4º. EXENCIÓNS

1. Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá solicitalo e acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada favorablemente polos Servizos Sociais do Concello.

2. Ó abeiro do mesmo artigo do parágrafo anterior, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes do epígrafe D: Granxas e ganderías, cando o número de cabezas de gando vacún sexa inferior a 10 e cando o número de cabezas de gando porcino sexa inferior a 50.

## ARTIGO 5º. BASES DE GRAVAME E TARIFAS

As tarifas son de cota fixa, de carácter trimestral. E se detallan nos seguintes epígrafes:

**EPÍGRAFE A:** Vivendas: 22 euros por trimestre

**EPÍGRAFE B:** Actividades comerciais e industriais, tales como, alimentación, supermercados, panaderías, droguerías, bazares, caixas de aforro, entidades bancarias, cooperativas, agrupación escolar, farmacias, fábricas de pensos, mármore e granitos, ferraxarías, bares e restaurantes, fontanería e calefacción, materiais de construción e saneamento, estacións de servizo e calquera outra similar non relacionada: 40 euros por trimestre.

**EPÍGRAFE C:** Actividades comerciais e industriais, tales como téxtiles, mercerías, paqueterías, perruquerías, calzados, da madeira, moblerías e carpinterías, funerarias, talleres mecánicos, carpintería metálica, chapa e pintura, ferrerías, estanco, muiños, louseiras e outras similares non relacionadas: 30 euros por trimestre

**EPÍGRAFE D:** Granxas e ganderías, co seguinte detalle:

D.1. Ganderías de vacún de 10 a 49 cabezas de gando: 10 euros por trimestre.

D.2. Ganderías de vacún de 50 a 99 cabezas de gando: 20 euros por trimestre.

D.3. Ganderías de vacún de 100 a 250 cabezas de gando: 50 euros por trimestre.

D.4. Ganderías de vacún de 251 cabezas de gando en diante: 60 euros por trimestre.





# CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

D.5. Ganderías de porcino de 50 ou mais cabezas de gando: 40 euros por trimestre.

D.6. Granxas avícolas: 40 euros por trimestre.

## ARTIGO 6º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN

